# Quero colgar arquivos no meu blog. Podo?

Unha das funcións que eu boto en falta en Blogger é a de almacenar arquivos e podelos ofrecer ás persoas que visiten o blog. Un exemplo que vai moi ben para calquera docente: teño elaboradas unhas fichas de recuperación e quero *colgalas* no blog para que o alumnado as consulte.
Despois de investigar, a única solución que atopo é a de aloxar os arquivos nalgún servizo externo a Blogger. Entre as posibilidades que temos voume quedar coa de Google. Imos paso a paso:

1. Accedemos a este enderezo: http://pages.google.com
2. Identificámonos co nome de usuario e co contrasinal que xa empregamos para GMail e Blogger.
3. Aparece unha páxina em inglés. Pinchamos no rótulo que pon **I´m ready to create my pages**.
4. Poñémoslle a marca de verificación á esquerda do texto **I have read and agree**. Actívase o botón **I´m ready to create my pages**. Facemos clic nel, naturalmente.
5. Entramos noutra pantalla. Pinchamos onde di **Click here to enter your page´s title** e despois facemos clic en **Publish**.
6. O que creamos foi unha especie de blog. Non o imos usar, pero é condición necesaria para poder aloxar documentos.
7. Pinchamos onde di **Back to Page Manager**. Á dereita está a utilidade que nos permite subir arquivos, etiquetada como **Uploaded Stuff.**
8. Para subir un arquivo, clic en **Upload → Examinar.**
9. Cando se complete a operación aparecerá o nome do arquivo. Só precisamos coñecer o seu enderezo para poñer a ligazón no blog. Para coñecer o enderezo, pulsas co botón dereito e fas clic en **Copiar acceso directo**. Se usas o navegador Firefox (deberías facelo, na miña opinión) pode que o texto que che apareza sexa **Copiar ruta de enlace**.